

Visitas guiadas ao CITEEC para centros de ensino secundario e formación profesional

Descrición da actividade


O Centro de Innovación Tecnológica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC), situado no Campus de Elviña da Universidade da Coruña, ofrece **visitas guiadas dirixidas a alumnado de secundaria e formación profesional** co obxectivo de achegar a investigación e a enxeñaría civil á mocidade galega.

Durante a visita, o alumnado poderá coñecer de primeira man o traballo que se desenvolve en **catro laboratorios singulares** do centro:

- **Túnel de vento:** onde se estudan os efectos do vento sobre estruturas como pontes ou avións, simulando fenómenos como o flameo.



- **Laboratorio de portos e costas:** centrado no estudo da acción das ondas sobre estruturas mariñas, fixas ou flotantes.



- **Laboratorio de construción:** dedicado á caracterización de materiais e sistemas construtivos.



- **Laboratorio de hidráulica:** onde se analizan os fluxos de auga e os seus efectos sobre estruturas e o medio.



Ademais, a visita inclúe o percorrido pola exposición itinerante **miniCITEEC**, un proxecto divulgativo que replica a escala algunhas das máquinas singulares do centro, permitindo demostracións tecnolóxicas adaptadas ao público escolar.


Esta exposición itinerante sobre a actividade investigadora do CITEEC ten presenza en ferias científicas como o veterano “Día da Ciencia na Rúa” da Cidade da Coruña, A Noite Europea das Personas Investigadoras (g-Night), es outras similares.

As maquetas dispoñibles son:


- **Canle de ondas:** maqueta en miniatura dunha canle real que simula o efecto das ondas sobre estruturas costeiras mediante unha pa que xera ondas de diferente lonxitude e período.




- **Túnel de vento:** maqueta do túnel que reproduce o comportamento do vento sobre pontes ou ás de avión, permitindo observar fenómenos como o flameo.



- **Torre de impacto:** miniatura que na que unha masa cae desde unha altura determinada para estudar o efecto de choques sobre pezas como parachoques ou trens de aterraxe.



- **Mesa sísmica:** maqueta simula os efectos das ondas sísmicas horizontais sobre edificacións, permitindo analizar a súa resposta ante terremotos.



- **Máquinas de ensaio universais:** esta miniatura permite estudar a resistencia dos materiais mediante tracción e compresión, observando a súa deformación e rotura.



- **Celosías estruturais:** estruturas reticulares que permiten analizar os esforzos de tracción e compresión en pontes ou cubertas, mediante modelos tipo Pratt e Warren.



Estas maquetas están diseñadas con software e hardware libre, e pensadas para ser replicadas nos centros educativos, especialmente dentro do programa **Polos Creativos** da Xunta de Galicia.

Datas e duración da actividade

O programa de visitas está dispoñible durante todo o curso académico de luns a venres, en horario de mañá (09:00–14:00 h) e tarde (15:30–17:30 h), cunha duración aproximada de 90 minutos e grupos de ata 25 persoas. Para solicitar unha visita, cómpre contactar co centro a través do correo electrónico comunicacion.citeec@udc.gal, desde onde se facilitará o [formulario de solicitude](#) e a documentación necesaria.

Esta iniciativa forma parte da estratexia de divulgación científica da UDC e busca fomentar vocacións STEM entre o alumnado galego, ofrecendo unha experiencia educativa enriquecedora e inspiradora.

Equipo de Xestión do CITEEC

Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñería Civil (CITEEC)
Campus de Elviña s/n 15071 A Coruña
Tfnos.: 881 01 5189/ 881 01 5178/ 881 01 5185